

Servizo de  
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATAÇÃO

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO VERNES 14 DE OUTUBRO DE 2022

Ás 10:35 horas do día 14 de outubro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 10 de outubro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente/a:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste ao punto 11a)  
D. Jesús López Moure, xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 11b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6805-241)**

Asunto retirado do orde do día

### **6.- Apertura económica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6805-241)**

Asunto retirado do orde do día

### **7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (Lote 1)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Servizo de Administración Electrónica do 7 de outubro de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade e o informe que modifica o anterior de data 11 de outubro de 2022. Á vista deste segundo informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- Data Base Storage, S.L.
- Connectis ICT Services, S.A.U.

## 8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 29 de setembro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 29 de setembro de 2022, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.

Durante o prazo concedido, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. presentou a documentación requirida da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 6 de outubro de 2022 a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *"a xustificación sobre a oferta presentada pola licitadora OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. que se atopaba incursa nunha presunta situación baixa con valores anormais ou desproporcionados ao superar coa súa oferta o valor establecido de 13,32% é coherente cos custos que se tiveron en conta para a fixación do orzamento base de licitación do contrato, polo que pode considerarse xustificada a súa oferta económica."*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía o 6 de outubro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación e o informe de data 11 de outubro de 2022 que modifica o anterior e que é aceptado, este segundo informe por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

**"Primeiro.-** Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101) na seguinte orde descendente:

NOME DA EMPRESA	TOTAL PUNTOS CRITERIOS XUÍZO DE VALOR	TOTAL PUNTOS CRITERIOS AVALIABLES POR FORMULA	TOTAL PUNTUACIÓN
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	25 puntos	75,00	<b>100,00</b>
SACAFERRO, S.L.	25 puntos	55,68	80,68
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.	0 puntos	56,41	56,41

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (B70493275), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con mesmo.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 28 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR", redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil, D. Diego Conde Rodríguez*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 5 de abril de 2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL EUROS (463.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 80.355,37 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.68 (Seguridade e paviment. C.Campoamor) provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:*

2022	463.000,00 €
------	--------------

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 polo que, ao abeiro do disposto no artigo 62.2. do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, entende retirada inxustificadamente a oferta presentada por NAROM, S.L.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	90,74
2	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	84,90
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	51,39
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U	37,16

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS



**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 19 de agosto de 2022 e 19 de setembro de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 22 de setembro de 2022, pola que se exclúe a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.*
2. *Adxudicar a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441) por un prezo total de 423.182,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 73.444,81 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATAÇÃO

CONCELLO  
DE VIGO



## b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 18 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, de subministración de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á Rede de Museos Municipais, concretamente no Verbum (Avenida de Samil, 17) e na Casa das Artes (Rúa Policarpo Sanz, 15).*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 15 de xullo de 2022, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 27 de xullo de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 56.255,40 € IVE engadido (cincoenta e seis mil douscentos cincoenta e cinco euros con corenta céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3330.221.03.00 "Combustibles" do orzamento municipal, según o seguinte:*

- Anualidade 2022 (1 de novembro ao 31 de decembro): 14.063,85 €
- Aualidade 2023 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 28.127,70 €
- Anualidade 2024 (1 de xaneiro ao 31 de outubro): 14.063,85 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5º.- *Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.*"

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341) na seguinte orde descendente:*

<b>Clasificación</b>	<b>Licitador</b>	<b>Desconto</b>
1º	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,35 %

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B36736049), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

- 1. Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- 2. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 3 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 29 de setembro de 2022 polo que se acorda clasificar en primeiro lugar a este licitador ao abeiro do criterio 7B das FEC do PCAP ("as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR)").

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B36736049) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341) por un prezo total de 56.255,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.763,20 euros, coa seguinte condición:*

*a Propón un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,35 %.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:04	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4D-552B25-34BAE6-L8AVN9-R684TK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		